





PICO SACRO

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2022



Distancia: 3,5 km, lineais (desde Lestedo)


Dificultade: baixa



Corredor da Raíña Lupa (unha falla visible no cume)

O Pico Sacro é un cume illado, non moi elevado (533 m), situado ao sur do concello de Boqueixón, moi próximo ao linde co de Vedra, pero que pola súa situación e perfil destaca como fito xeográfico visible desde todos os lugares da contorna e como miradoiro desde o que se abranguen amplas panorámicas, en 360º, que acadan un amplo tramo do val do Ulla, a cidade de Compostela e os puntos máis elevados dos arredores, e de máis ao lonxe como os cumes de algunhas serras da Dorsal Galega, ao leste; os montes dos Cregos, o Castrove, o monte Xesteiras e o Xiabre, polo sur; as serras da Barbanza e a Muralla e os montes do Oleirón, polo oeste; e, polo norte, os altos da divisoria de augas dos ríos Ulla e Tambre. Pola súa situación e as súas características xeolóxicas -o pico é a parte máis elevada dun filón de seixo que lle da unha cor branca que o fai moi visible- foi un lugar coñecido e visitado desde a antigüidade -tal vez como punto de encontro, xuntanza, culto e/ou peregrinación- logo cristianizado, do que é mostra a presenza da capela de San Sebastián -con romaría en xaneiro-, e que co paso do tempo se converteu en fonte de mitos, lendas, historias e lugar de feitos históricos. Entre outros dise que foi o lugar de asentamento do castelo da mítica raíña Lupa e o primeiro lugar de descanso do cadaleito do apóstolo Santiago, ademais de outras de mouros, de xigantes, de serpes,... atribúenselle propiedades curativas, e ata se cre que o cume desfai as treboadas. Está proposto como Lugar de Interese Xeolóxico "Filón de cuarzo de Pico Sacro".

O filón de seixo do Pico Sacro está atravesado por varias fallas.



O Pico Sacro atópase no límite físico do "Complexo de Ordes" co resto das unidades xeolóxicas, nunha falla rechea de seixo de orixe hidrotermal atravesado polo río Ulla. O filón de seixo do Pico Sacro explótase en varias minas.



O Pico Sacro entre a néboa do val do Ulla



Cavidades formadas pola erosión sobre o seixo. Nos detalle vense os cristais de seixo.



PERCORRIDO

Para achegarnos ao Pico Sacro imos a **Lestedo**, na estrada de Santiago a Ourense, onde, na antiga casa rectoral, se atopa o **Centro de Interpretación do Pico Sacro**, habitualmente pechado. Desde Lestedo podemos facer a subida a pé, uns 3 km, pola beira dunha estrada que desde a zona deportiva, á saída da localidade, ten a berma esquerda acondicionada para peóns, ou seguindo pola estrada principal un pouco cara a Ourense logo atopamos un indicador na estrada que nos sinala o desvío, á esquerda, a Cachosenande e ao Pico Sacro, despois so hai que seguir os indicadores que nos levan á zona de aparcamento, onde hai unhas fermosas sobreiras, ao pé do cume, 3,3 km. No alto un camiño acondicionado permite achegarse á **capela de San Sebastián**, ao **corredor da raíña Lupa** e ao cume; e por outros carreiros podemos ir ás **covas** e a todos os lugares de interese dos arredores.

Se queremos camiñar algo máis hai pistas que rodean o monte desde as que teremos diferentes panorámicas e algúns puntos de interese xeolóxico aínda que case todas elas discorren polo medio dun monótono monocultivo de eucaliptos.



O cume e a capela de San Sebastián



Cara norte do Pico Sacro



Cume do Pico Sacro



Cova do Pico, unha das entradas dun conxunto de cavidades naturais en seixo (a única coñecida do seu tipo). Hai lendas que falan que chega ata o río Ull e, que nela viven dragóns, mouros ou trasnos.



Cova norte

Camiño da raíña Lupa, un corte no filón de seixo formado pola erosión natural que segue unha fractura.



Vista desde o Pico Sacro



Camiño da Raíña Lupa e subida ao cumo do Pico Sacro





Sobreira



Bolboreta *Cynthia cardui*
no Pico Sacro



Capela de San Sebastián



Centro de interpretación
do Pico Sacro en Lestedo



Igrexa de Lestedo



No abreite o perfil do
Pico Sacro recórtase contra o ceo